

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 15 DE

XULLO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día quince de xullo de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Marta Maria Vázquez Golpe.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 1 e 8 de xullo de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 1 e 8 de xullo de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, da presidencia da Xunta de Galicia, de estradas de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 132, de data do día 12 de xullo de 2013).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que esta semana comezarán as obras de “construción de vestiarios e obras auxiliares no campo municipal de fútbol de Lendoiro-A Barcala (Cambre”.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que esta semana recibirán o proxecto da reforma da casa de Arrigada. Continúa a dicir que dona Marta Maria Vázquez Golpe se reuniu a pasada semana coa xunta directiva da comunidade de propietarios da urbanización da Arrigada para explicarlles o proxecto e para solicitarlles a posibilidade de ceder un pequeno trozo de terreo comunitario para poder realizar un acceso directamente aos xardíns e que sexa accesible para persoas con discapacidade. Engade que a comunidade se reunirá no mes de setembro, polo que haberá que esperar ao citado mes para coñecer algo ao respecto.

Seguidamente, informa respecto do tema relativo á contratación do servizo de axuda a domicilio, di que terán unha reunión coa técnica de contratación e a técnica de servizos sociais. Estudarán se o poden incluír no pleno a forma de xestión do servizo.

A continuación informa que con data do día 12 do mes que andamos asinou a resolución da adxudicación do contrato de subministración de “promoción comercial de urbanización A Barcala, mediante a instalación de dous monolitos identificativos ou paneis publicitarios nas entradas da urbanización A Barcala”. Igualmente, con data do día 11 asinou a resolución da adxudicación da obra denominada “construción de vestiarios e obras auxiliares no campo municipal de fútbol de Lendoiro-A Barcala (Cambre”.

Para rematar a súa intervención, don Felipe Andreu Barallobre informa que na anterior Xunta de Goberno Local informou que había dous expedientes que tiñan o prazo de presentación de ofertas aberto. Engade que xa rematou e para o POS 2013 se presentaron nove ofertas e para o expediente de “Implantación da plataforma de administración electrónica AL SIGM no Concello de Cambre” se presentaron dúas ofertas.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que ao longo desta semana comezarán as obras de “construción dunha nova instalación para o servizo de Protección Civil”

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que están cos traballos de roza. Engade que están a ter algunhas queixas dos veciños e hoxe terá unha reunión coa empresa que realiza estes traballos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o sábado día 13 tivo lugar o festival folklórico das Mariñas, ao cal asistiu moito público.

A continuación, informa que o xoves día 11 se inaugurou a exposición de Francisco Escudero na sala de exposición da biblioteca municipal de Cambre.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro día 3 de agosto terá lugar o festival "Rock in Cambre".

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



María Luisa de la Red Ampudia

C.I.F. P-1501700-G